



## RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE RECOÑECEN AS ACTIVIDADES FORMATIVAS COMO MÉRITO PARA O BAREMO DE MARISQUEO A PÉ

### ANTECEDENTES

Con data 04-05-2021 tivo lugar a reunión da comisión de recoñecemento das actividades formativas, coa presenza do subdirector xeral de Xestión, Ensino e Relacións Sectoriais, a xefa de servizo de Ensino e Titulacións Náutico-Pesqueiras e o xefe de sección de Programación de Ensino Náutico Pesqueiras, co fin de valorar as solicitudes presentadas para o recoñecemento de varias actividades formativas e a súa inclusión nos diferentes catálogos de formación.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- O Decreto 428/1993, do 17 de decembro, polo que se regula e refunde a normativa en materia de formación náutico-pesqueira, no seu artigo 1 di que a finalidade deste é regular as ensinanzas náutico-pesqueiras, que son as que cualifican para o exercicio das profesións relacionadas co mundo do mar e a utilización dos seus recursos
- A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, expón no artigo 117 que a consellería competente en materia de pesca realizará as actuacións necesarias para o fomento da formación, a capacitación e a reciclaxe das persoas profesionais dos distintos sectores, así como a daquelas persoas que poidan demandar a devandita prestación formativa
- A Orde do 15 de xullo de 2011, pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé, no seu artigo 6 define o procedemento para obter o permiso de explotación, determinando que as solicitudes presentadas que cumpran os requisitos establecidos serán valoradas de acordo cun baremo, no que se terán en conta os criterios establecidos no artigo 8
- A Resolución do 12 de novembro de 2013 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se aproba o baremo para obter o permiso de explotación para o marisqueo a pé e a súa corrección de erros, expón no seu Anexo II o recoñecemento das actividades formativas como mérito no baremo
- O Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, establece que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro correspóndelle a función de ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de ensino e titulacións náutico-pesqueiras e de lecer
- Acta do 04-05-2021 da comisión de recoñecemento das actividades formativas como mérito nos baremos a pé, con vara e de recursos específicos nas modalidades a pé e con embarcación

Visto o exposto, esta dirección xeral ao abeiro das súas competencias, RESOLVE:





Recoñecer as seguintes actividades formativas que se terán en conta para o baremo de marisqueo a pé e que figuran anexas a esta resolución. Ditas actividades cumpren co recollido no Anexo II da Resolución do 12 de novembro de 2013 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se aproba o baremo para obter o permiso de explotación para o marisqueo a pé e a súa corrección de erros.

Estas actividades quedarán inscritas no catálogo de actividades formativas que poderá ser consultado na páxina web oficial <https://www.mar.xunta.gal>

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a consellería do Mar, no prazo dun mes, desde a notificación da presente resolución, segundo se dispón nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo





Anexo I- Actividades formativas que se terán en conta para o baremo de marisqueo a pé

ENTIDADE ORGANIZADORA	ACTIVIDADE FORMATIVA	MODALIDADE	HORAS	PUNTOS
Unión de Cooperativas ESPAZOCOOP	Ideas cooperativas en acción avanzado	En rede	40	0,80
	Lánzate a emprender en cooperativa avanzado	En rede	40	0,80
	Contabilidade cooperativa nivel 0	En rede	20	0,40
Ministerio de Trabajo-INEM	Xestión de cooperativas	Presencial	240	2,00
Consellería de Traballo e servizos sociais	Especialista en cultivos mariños	Presencial	200	2,00
Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura	Formación básica para mariscadoras	Presencial	30	0,60

